



MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOBRE A ACTUALIZACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL de BENS, DEREITOS e ACCIÓNS

M^a do Carme Martínez Rodiño, Portavoz do Bloque Nacionalista Galego (Grupo Mixto), ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate e posterior aprobación, se procede, polo Pleno Municipal,

EXPÓN

O Inventario Municipal representa os bens mobles e inmobles pertencentes ao Concello de Meis, e polo tanto unha ferramenta importante a ter en conta para coñecer a realidade municipal. Este Inventario leva moitos anos sen ser actualizado e precisa dunha posta en función urxente se o que se pretende é facer as cousas con lóxica e sensatez, Cómo se van facer actuacións si se descoñecen os medios dos que se dispón?.

O Real Decreto 1372/86, do 13 de Xuño, establece o Regulamento de Bens das Entidades Locais, nas que se inclúen dentro do Inventario Municipal os Dereitos Reais, o Patrimonio Histórico-Artístico, Créditos e Dereitos de Carácter Persoal, Vehículos, Valores Mobiliarios, etc. que reflexan o valor de dotarnos dun novo Inventario Municipal e ademáis de ter un mecanismo que permita a modernización permanente deste.

Ainda que a exposición pública dos inventarios de bens municipais non é obrigatoria, consideremos que a participación dos veciños pode contribuir na mellora do mesmo, como así é acreditado polos concellos que decidiron expoñelo públicamente nestes últimos anos.

Por todo isto, o Bloque Nacionalista Galego insta ao Pleno Municipal de Meis a acadar os seguintes ACORDOS:

- 1. Que o Pleno Municipal, formado por todas as forzas políticas do Concello, recoñeza a importancia de elaborar un Inventario Municipal e insta ao Goberno do Concello a que sexa actualizado no menor tempo posíbel.**
- 2. Que sexa deseñado e aplicado con procedementos que permitan unha actualización permanente.**
- 3. Que se expoña ao público en todas as parroquias para que os veciños poidan realizar as matizacións ou alegacións oportunas.**

No Mosteiro, Meis, a 14 de decembro de 2007

Asdo: M^a do Carme Martínez Rodiño
Portavoz do BNG en Meis

Alcalde-Presidente do Ilmo. Concello de Meis